

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 5 de xullo de 2022 polo que se someten ao trámite de información pública o proxecto de construción de sendas peonís na marxe dereita da PO-302 e PO-306, de clave PO/21/069.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.*

**Antecedentes**

Pola Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 4 de xullo de 2022 aprobouse provisionalmente o proxecto de construción de sendas peonís na marxe dereita da PO-302 e PO-306, de clave PO/21/069.06, no municipio de Vilanova de Arousa (Pontevedra).

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, determina no seu artigo 6.2 que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, entre cuxos obxectivos está o fomento dos sistemas de transporte alternativos aos motorizados, que permitan minimizar as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

A actuación proxéctase entre os puntos quilométricos (pp.qq) 0+000-1+590 da PO-302 e 0+000-0+350 da PO-306, e consiste na creación dun itinerario peonil continuo na marxe dereita das ditas estradas, na contorna do núcleo urbano de Vilanova de Arousa, e inclúe as seguintes actuacións complementarias para garantir a funcionalidade da dita senda: demolición e reposición das beirarrúas existentes e que se atopan deterioradas, execución de aparcadoiros en batería para vehículos, reposición da capa de rodaxe da estrada e dos servizos afectados.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

**RESOLVO:**

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se apro-



ba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado documento sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida M<sup>a</sup> Victoria Moreno, 43-1<sup>o</sup>, 36071 Pontevedra) e na Casa do Concello de Vilanova de Arousa (Praza do Concello, 1, 36620 Vilanova de Arousa ).

Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:

(<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudos-proxectos>), atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2022

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: rbmijkym4-ivw7-skt0-q9z6-g4x3t9e4qpf0





## ANEXO

## Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Sendas peonís na marxe dereita da PO-302 e PO-306.

Clave: PO/21/069.06.

Concello de Vilanova de Arousa.

| Nº | Referencia catastral | Polig. | Parc | Propietario/s                                                   | DNI                    | Sup. (m²) | Clase   | Uso do solo | Cultivo         |
|----|----------------------|--------|------|-----------------------------------------------------------------|------------------------|-----------|---------|-------------|-----------------|
| 1  | 36061A027002780000LI | 27     | 278  | Tourís Portas, María Dolores (hros.)                            | ***1048**              | 89.00     | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 2  | 36061A027002790000LJ | 27     | 279  | Tourís Portas, Benigno (hros.)                                  | ***3393**              | 32.00     | Rústico | Agrario     | Viñedo secaño   |
| 3  | 36061A027002820000LJ | 27     | 282  | Carro Navia, Ramón                                              | ***9370**              | 33.00     | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 4  | 36061A027002830000LE | 27     | 283  | Osorio Álvarez, Manuel                                          | ***8058**              | 65.00     | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 5  | 36061A027002840000LS | 27     | 284  | Falcón Cores, Digna                                             | ***8940**              | 84.00     | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 6  | 36061A027002940000LY | 27     | 294  | Nine Oubiña, José Francisco                                     | ***2324**              | 1.00      | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 7  | 36061A027002950000LG | 27     | 295  | Osorio Álvarez, Rosa (hros.)                                    | ***3449**              | 49.00     | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 8  | 36061A027002960000LQ | 27     | 296  | Osorio Leiro, Josefa                                            | ***9931**              | 51.00     | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 9  | 36061A027003490000LH | 27     | 349  | Nogueira Brea, Juan José                                        | ***4545**              | 65.00     | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 10 | 36061A027003500000LZ | 27     | 350  | Vázquez Osorio, María Clementina                                | ***3171**              | 82.00     | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 11 | 36061A027003510000LU | 27     | 351  | Coejo Cores, María Esther                                       | ***6259**              | 16.00     | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 12 | 36061A027003520000LH | 27     | 352  | Santorum Oubiña, Manuel                                         | ***8376**              | 197.00    | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 13 | 36061A027003710000LK | 27     | 371  | Carro Navia, Manuel                                             | ***9369**              | 192.00    | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 14 | 36061A027011600000LS | 27     | 160  | Grande Reigosa, Juan Manuel<br>González Pomares, María Cristina | ***5210**<br>***6079** | 39.00     | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 15 | 36061A027003760000LJ | 27     | 376  | García Grande, José (hros.)                                     | ***3285**              | 22.00     | Rústico | Agrario     | Improdutivo     |
| 16 | 36061A027005100000LU | 27     | 510  | Padín Pérez, Manuel<br>Tourís Portas, Carmen                    | ***2811**<br>***6082** | 1.00      | Rústico | Agrario     | Improdutivo     |
| 17 | 36061A027005090000LW | 27     | 509  | Pomares Viñas, Gabino (hros.)                                   | ***4131**              | 5.00      | Rústico | Agrario     | Viñedo secaño   |
| 18 | 36061A027005080000LH | 27     | 508  | Bóveda Pomares, Pilar                                           | ***7179**              | 4.00      | Rústico | Agrario     | Viñedo secaño   |
| 19 | 36061A027005070000LU | 27     | 507  | Pomares Viñas, Gabino (hros.)                                   | ***4131**              | 13.00     | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |
| 20 | 36061A027007480000LM | 27     | 748  | En investigación                                                |                        | 28.00     | Rústico | Agrario     | Improdutivo     |
| 21 | 36061A027005050000LS | 27     | 505  | Padín Pérez, Manuel                                             | ***2811**              | 31.00     | Rústico | Agrario     | Improdutivo     |
| 22 | 36061A027004940000LF | 27     | 494  | En investigación                                                |                        | 116.00    | Rústico | Agrario     | Labradío secaño |

| Nº | Referencia catastral | Polig. | Parc | Propietario/s         | DNI       | Sup. (m²) | Clase   | Uso do solo       | Cultivo           |
|----|----------------------|--------|------|-----------------------|-----------|-----------|---------|-------------------|-------------------|
| 23 | 36061A027005220000LL | 27     | 522  | Baulde García, Rosa   | ***5237** | 8.00      | Rústico | Agrario           | Labradío secaño   |
| 24 | 4724001NH1142S0001RZ | 42     | 4001 | Millán Ventoso, José  | ***3866** | 20.00     | Urbano  | Solo sen edificar | Solo sen edificar |
| 25 | 4724002NH1142S0001DZ | 42     | 4002 | Millán Ventoso, José  | ***3866** | 29.00     | Urbano  | Solo sen edificar | Solo sen edificar |
| 26 | 4724003NH1142S0001XZ | 42     | 4003 | Fiel Paz, María Luisa | ***4395** | 78.00     | Urbano  | Solo sen edificar | Solo sen edificar |

CVE-DOG: rbmjkym4-ivw7-skt0-q9z6-g4x3t9e4qpf0

